

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 86/2013, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 39/2013, do 21 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

Por Decreto 39/2013, do 21 de febreiro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ao exercicio de 2013 para persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 2 do citado decreto cuantifícase a oferta de emprego: 200 prazas do corpo de mestres e 22 prazas do corpo de inspectores de Educación.

Coa finalidade de clarificar a procedencia das citadas prazas, resulta conveniente modificar ese decreto.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de xuño de dous mil trece,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación dos artigos 1 e 2 do Decreto 39/2013, do 21 de febreiro*

O artigo 1 do Decreto 39/2013, do 21 de febreiro, queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Aprobación da oferta de emprego público dos corpos docentes.*

Apróbase a oferta de emprego público correspondente aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, co-



respondente ao presente exercicio, nos termos que se establecen neste decreto e de conformidade co disposto no artigo 31.6 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia. A determinación de prazas e a súa correlación coas ofertas de emprego público dos anos 2012 e 2013, é a expresada no artigo 2».

O artigo 2 do Decreto 39/2013, do 21 de febreiro, queda redactado como segue:

1. Cuantificación da oferta de emprego público.

Corpo de mestres: 200

Corpo de inspectores de Educación: 22

2. Do total das prazas, 117 corresponden á taxa de reposición do 10 % das baixas definitivas do persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e do corpo docente de inspectores de Educación prevista, en relación coa oferta de emprego público de 2012, no artigo 23 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012.

3. Así mesmo, 105 prazas corresponden á taxa de reposición do 10% das baixas definitivas do persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e corpo docente de inspectores de Educación prevista, en relación coa oferta de emprego público de 2013, no artigo 23 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, seis de xuño de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

